

*ANEXO III***Sectores prioritarios****Axudas do Igape aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013**

1. Sector auxiliar de automoción.
2. Industria da madeira.
3. Industria de transformación agroalimentaria.
4. Sector moda (confección e complementos).
5. Industria aeronáutica e auxiliar.
6. Sector náutico-deportivo e de recreo e auxiliar de náutica deportiva e de recreo.
7. Sector químico e industria farmacéutica.
8. Fabricación de material sanitario.
9. Biotecnoloxía, biomecánica.
10. Fabricación de equipos ambientais.
11. Fabricación de equipamentos e sistemas para instalacións de enerxías renovables.
12. Eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos.
13. Servizos e desenvolvemento de software.
14. Sector audiovisual e desenvolvemento de contidos.
15. Centros telemáticos.

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA**

*Resolución do 9 de abril de 2010 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo, pola quenda de acceso libre, de este organismo.*

A Lei 3/2004, do 7 de xuño (DOG nº 116, do 17 de xuño) crea o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) como un ente de dereito público con personalidade xurídica propia e patrimonio propio e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, adscrito á Consellería do Mar; o seu regulamento foi aprobado polo Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG nº 49, do 11 de marzo).

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia configúrase como un ente de

dereito público dos previstos no artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. Por outra banda, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia está sometido ao disposto na Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuacións de entes e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

Por todo o exposto, de acordo coas facultades conferidas pola Lei 3/2004, do 7 de xuño, pola que se crea o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, e coa autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Orzamentos,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Convocar o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, pola quenda de acceso libre, polo procedemento de concurso-oposición.

O proceso selectivo constará, por tanto, dunha fase de oposición e doutra fase de concurso.

Segundo.-O devandito proceso selectivo rexeráse polas seguintes

**Bases****I.-Normas xerais.**

I.1 O obxecto do proceso selectivo é a cobertura de tres prazas vacantes no Intecmar, pertencentes ao grupo I.

I.2. Por non acadarse as porcentaxes mínimas exixidas, non se reserva ningunha praza para ser cuberta por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

I.3. O procedemento de selección realizarase conxuntamente os temarios, exercicios, sistemas de cualificación, relación de méritos e baremo que se especifiquen nesta convocatoria.

I.4. A adxudicación das prazas aos/ás aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coas puntuacións totais obtidas entre as diversas fases daquel.

I.5. A este proceso selectivo seralle de aplicación o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (BOE nº 89, do 13 de abril); na Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación (DOG nº 227, do 20 de novembro), e demais normas concordantes, así como os artigos 8 e seguintes do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG nº 213, do 3 de novembro de 2008), tendo en conta o carácter de ente público do Instituto Tecnolóxico

para o Control do Medio Mariño de Galicia, así como o disposto nesta convocatoria.

II.-Denominación, número e descrición das prazas convocadas.

II.1. Denominación e número de prazas.

A denominación e número das prazas obxecto da convocatoria son as que se relacionan a seguir:

Grupo I. Titulado superior (3 prazas).

| Grupo | Categorías | Especialidade                    | Titulación requirida          | Nº de prazas |
|-------|------------|----------------------------------|-------------------------------|--------------|
| I     | 10         | Documentación e apoio científico | Titulado/a superior biólogo/a | 1            |
| I     | 10         | Oceanografía e fitoplancto       | Titulado/a superior biólogo/a | 1            |
| I     | 3          | Hidrocarburos                    | Titulado/a superior químico/a | 1            |

II.2. Descrición dos postos de traballo.

A descrición da función dos postos de traballo para as categorías convocadas é como segue:

-Titulado superior, especialidade en documentación e apoio científico: baixo a supervisión da dirección, será o/a responsable técnico da Unidade de Documentación e Apoio Científico, polo que terá, entre outras, a misión de programar, dirixir e velar polo correcto desenvolvemento e execución das funcións de documentación e apoio científico en contaminación mariña asignadas ao Intecmar como centro oficial integrado no Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña de Galicia (DOG nº 88, do 8 de maio de 2007).

-Titulado superior, especialidade en oceanografía e fitoplancto: baixo a supervisión da dirección, será o/a responsable técnico da Unidade de Oceanografía e Fitoplancto, polo que terá, entre outras, a misión de organizar, programar, dirixir e velar polo correcto desenvolvemento e execución do programa oficial de control das comunidades fitoplanctónicas na auga do mar; empregando para iso técnicas de análise química instrumental e de taxonomía por medio de microscopia, así como a análise e interpretación das variables físico-químicas da auga.

-Titulado superior, especialidade en hidrocarburos: baixo a supervisión da dirección, será o/a responsable técnico da Unidade de Hidrocarburos, polo que terá, entre outras, a misión de organizar, programar, dirixir e velar polo correcto desenvolvemento e execución do programa oficial de control da contaminación química, en especial por compostos hidrocarbonados, nas zonas de produción de moluscos e organismos mariños competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, empregando para iso as técnicas precisas de análise química instrumental, e suxeito aos requirimentos de calidade derivados da acreditación segundo a norma internacional UNE-EN ISO/IEC 17025.

II.3. Tipo, duración do contrato e retribucións.

O contrato laboral cualificarase como contrato de persoal laboral fixo e rexerá polo disposto en materia de persoal e contratación na Lei 10/1996, de 5 de

novembro, de actuación de entes e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia; polo disposto no Estatuto dos traballadores e polas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

En aplicación do disposto no artigo 13.3º da Lei 3/2004, o persoal do Instituto contratado en réxime de dereito laboral, ao cal se refire o artigo 13.1º desta lei, rexerá polo convenio colectivo único vixente do persoal laboral da Xunta de Galicia mentres non se aprrobe outro convenio específico do ente público.

As retribucións brutas para cada posto son as aprobadas nos orzamentos da comunidade autónoma e no cadro de persoal do Intecmar. As ditas retribucións non serán inferiores ás que figuran na Lei anual de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao persoal laboral da Xunta de Galicia de categorías similares ás dos postos ofertados.

II.4. Requisitos dos/as aspirantes.

II.4.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán posuír no día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, e manter ata a sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

II.4.2. Nacionalidade:

a) Ter nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Támén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito.

Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito e sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

c) Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

II.4.3. Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

II.4.4. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título académico ou requisitos que para cada unha das categorías figuran na base II.1 desta convocatoria.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

II.4.5. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

II.4.6. Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

## II.5. Solicitudes.

### II.5.1. Formalización da solicitude.

O modelo de solicitude será o que se publica como anexo I desta resolución e que lles será facilitada nas dependencias do Intecmar: Peirao de Vilaxoán, s/n, 36611 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) teléfono: 986 51 23 22. Tamén poderán obter a solicitude a través da internet no enderezo seguinte: <http://www.intecmar.org>

A dita páxina web e o taboleiro de anuncios do Intecmar, sito no enderezo indicado, serán os lugares habilitados para os efectos de publicidade das distintas fases do procedemento selectivo.

A solicitude presentarase acompañada da seguinte documentación:

a) Impreso de autoavaliación, segundo o modelo recollido no anexo II desta resolución.

b) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

Os estranxeiros que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

Os que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, que non residan en España, ben por residiren no estranxeiro ben por se atoparen en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares dos anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se é o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante de teren solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non teren solicitado estes documentos, deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo do parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español, do nacional dalgún

dos demais Estados membros da Unión Europea e do nacional dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, con que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

c) Xustificante emitido pola entidade bancaria que corresponda, de ter pagos os dereitos de exame no prazo establecido para a presentación de instancias.

De conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, como requisito necesario para participar no proceso selectivo deberán aboar previamente en concepto de dereitos de exame os importes que a seguir se sinalan, así como os gastos de transferencia correspondentes, se é o caso:

| Categoría         | Grupo | Dereitos de exame |
|-------------------|-------|-------------------|
| Titulado superior | I     | 40,74 €           |

O impreso de autoliquidación de taxas poderá recollerse nos servizos centrais da Xunta de Galicia, en calquera delegación de todas as consellerías e na sede do Intecmar. Para cubrir o impreso deben utilizarse os seguintes datos:

Consellería: Mar: 12.

Delegación: Vilagarcía de Arousa: 42.

Servizo: Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia: 08.

Código de taxa: taxa por servizos administrativos: 30.03.02.

Denominación: proceso selectivo Intecmar.

A falta de presentación deste impreso, no cal figurará o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión do/a aspirante. En ningún caso a presentación deste impreso suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Gozarán da exención desta taxa, logo de xustificación documental, as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral, terán unha bonificación do 50%.

Tamén gozarán da exención desta taxa as persoas que soliciten a súa participación nestas probas cando figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, o mes anterior á data da convocatoria. Serán requisitos para o desfrute desta exención que, no prazo de que se trate, non rexeitasen oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional.

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, aos/ás aspirantes excluídos que así o soliciten.

d) *Curriculum vitae* acompañado da documentación orixinal ou fotocopia compulsada que acredite os requisitos xerais e titulación mínima específica para a praza respectiva a que se opte ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título, así como os coñecementos, experiencia e méritos que o candidato considere oportunos para os efectos da súa valoración pola comisión de selección. Os documentos de acreditación dos méritos deberán entregarse numerados correlativamente de conformidade co impreso de autoavaliación (anexo II), debéndose consignar o número de orde de cada documento no lugar correspondente das táboas do impreso. Todas as follas do impreso de autoavaliación deberán estar debidamente asinadas e numeradas.

A experiencia laboral, de ser o caso, acreditarase cun historial completo ou vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e máis certificación da empresa ou organismo correspondente.

e) Documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento do galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo), para os efectos da exención prevista no exercicio correspondente.

f) De ser o caso, fotocopia cotexada da cualificación de minusvalidez igual ou superior ao 33%, que eximirá do pagamento dos dereitos de exame a que se refire a alínea c) anterior e permitirá, de se demandar na solicitude, as adaptacións de tempos e medios para a realización das probas. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitaren dúbidas á comisión de selección respecto da capacidade dos/as aspirantes con algunha discapacidade para o desempeño das funcións correspondentes aos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

g) De ser o caso, documento acreditativo da súa situación de acharse inscrito e de alta como demandante de emprego no mes anterior á data da convocatoria, así como de que non perciben rendas, en cómputo mensual, superiores ao salario mínimo interprofesional.

#### II.5.2. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes, dirixidas á presidenta do Intecmar, presentaranse no rexistro das dependencias do Intecmar (Peirao de Vilaxoán, s/n, 36611 Vilagarcía de Arousa, Pontevedra) ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Cando a solicitude de participación non sexa presentada no rexistro do Intecmar e se utilice calquera outro medio dos previstos no antedito artigo 38º.4, deberá enviarse copia da solicitude rexistrada na mesma data da súa presentación ao seguinte número de fax: 986 51 23 00.

Para calquera aclaración ou información adicional, os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no número 986 51 23 22, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

A consignación de datos falsos na documentación presentada polos/as aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do/a aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación ao Intecmar de calquera cambio nel.

#### II.6. Admisión dos/das aspirantes.

II.6.1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, dentro dos vinte días seguintes, exporase no taboleiro de anuncios do Intecmar e na páxina web indicados na base II.5.1, a listaxe provisoria de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, o nome e o número do documento nacional de identidade.

II.6.2. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

II.6.3. Unha vez transcorrido o dito prazo, a presidenta do Intecmar ditará resolución coa listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, contra a cal se poderá interpor, no prazo dun mes, recurso potestativo de reposición de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben ser impugnada directamente no prazo de dous meses ante a xurisdición contencioso-administrativa, nos casos e na forma prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### III.-Proceso selectivo.

##### III.1. Fase de oposición.

##### III.1.1. Exercicios:

III.1.1.1. Primeiro exercicio, de carácter eliminatório, consistirá na resolución dun cuestionario de 50 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, das cales só unha será correcta, que será o resultante do sorteo de entre dous cuestionarios elaborados previamente polo tribunal, de conformidade co temario

específico que para cada unha das categorías se recolle no anexo III.1. e III.2. desta convocatoria.

A porcentaxe máxima de preguntas da parte xeral do temario será do 30% do total das preguntas.

Para os efectos da súa puntuación teranse en conta as seguintes normas:

-Por cada tres respostas incorrectas, descontarase unha correcta.

-As respostas en branco non puntúan.

-As dobres respostas e as que non estean claras consideraranse incorrectas.

No devandito test poderán poñerse ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de sesenta (60) minutos.

O/A presidente/a do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que este exercicio sexa corrixido sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

Cando remate o exercicio cada opositor poderá obter copia das respostas do seu cuestionario.

No prazo das 24 horas seguintes ao día da realización do exame, faranse públicas as respostas correctas do test no lugar de realización do exercicio, no taboleiro de anuncios do Intecmar e na súa páxina web.

Os interesados poderán formular alegacións no prazo dos tres días hábiles seguintes á realización do exercicio.

Cualificarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario para superalo obter como mínimo 15 puntos e corresponde ao tribunal determinar o número de respostas exixido para acadar a puntuación mínima.

Unha vez valorada a totalidade dos exercicios, as puntuacións publicaranse no lugar onde se realizou o exercicio e na páxina web do instituto, concedéndose un prazo de dez días para os efectos de alegacións.

Este exercicio iniciárase no prazo máximo de corenta (40) días desde a constitución do tribunal que xulgue as probas.

III.1.1.2. Segundo exercicio, de carácter eliminatorio, consistente na resolución por escrito dun caso práctico durante un tempo máximo de dúas (2) horas, que versará sobre o temario específico que para cada categoría se recolle no anexo III.2, as características propias da praza e a súas funcións, tal e como se describen na base II.2 desta convocatoria.

Posteriormente os/as aspirantes serán convocados oportunamente para a lectura do exercicio en sesión pública ante o tribunal, o cal, auxiliado, de ser o caso, polos asesores a que fai referencia a base IV.7 desta convocatoria, debaterá co aspirante durante un tempo máximo de vinte (20) minutos, sobre os contidos expostos e de todos aqueles aspectos que considere relevantes, e cualificará o exercicio valorando

os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa exposición.

Cada membro do tribunal disporá de copias fotoestáticas das probas para cotexar a lectura efectuada polo aspirante.

Este exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar a puntuación mínima.

Unha vez valorada a totalidade dos exercicios, as puntuacións publicaranse no lugar onde se realizou o exercicio e na páxina web do instituto, e concederáse un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio celebrarase nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

III.1.1.3. Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas:

-Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

-Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha (1) hora. Cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto e corresponde ao tribunal de selección determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar o resultado de apto.

As puntuacións publicaranse no taboleiro de anuncios do Intecmar e na súa páxina web, unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, dando un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio celebrarase nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

Están exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de perfeccionamento de galego de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

III.1.2. Desenvolvemento dos exercicios.

III.1.2.1. A orde de actuación dos opositores iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra M, segundo o establecido na resolución da Consellería de Facenda do 26 de xaneiro de 2010 (DOG nº 20, do 1 de febreiro). Os aspirantes deberanse presentar

para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis nº 2 e goma de borrar para a realización do exercicio tipo test.

III.1.2.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluído da oposición quen non compareza. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e os colaboradores designados por este, salvo no que atinxe á lectura do segundo exercicio que, de conformidade co disposto na base III.1.1.2, será pública.

Non obstante o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse cunha anticipación de 48 horas despois do anuncio da data do exame e levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ambas as medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

III.1.2.3. O anuncio de realización dos exercicios exporase no taboleiro de anuncios do Intecmar e na súa páxina web (<http://www.intecmar.org>), con 48 horas, polo menos de anticipación á sinalada para a súa iniciación.

III.1.2.4. Os aspirantes non poderán acceder ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

III.1.2.5. Os programas de temas correspondentes ás prazas convocadas e que rexerán no proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo do Intecmar son os que figuran no anexo III desta convocatoria.

### III.2. Fase de concurso.

III.2.1. A fase de concurso, de carácter non eliminatório, consistirá na valoración aos aspirantes que superaron a fase de oposición dos méritos achegados segundo o especificado na base II.5.1 letra a) desta convocatoria.

III.2.2. A puntuación obtida na fase de concurso non poderá superar os 40 puntos.

III.2.3. Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

III.2.4. Os certificados por servizos prestados deberán ser expedidos por:

-Servizos prestados na Xunta de Galicia:

a) Nos servizos centrais: a persoa titular da secretaría xeral, subdirección xeral ou das xefaturas de servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal, dependentes da secretaría xeral da consellería onde prestou servizos, ou dos seus organismos e entidades dependentes.

b) Nos servizos periféricos: a persoa titular da secretaría ou persoal funcionario responsable da área de persoal das xefaturas territoriais, provinciais ou comarcais da consellería onde prestou servizos, ou dos seus organismos e entidades dependentes.

-Servizos prestados no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia: a persoa responsable da xestión do persoal do instituto.

-Servizos prestados en empresas privadas ou noutras entes: a persoa responsable da xestión de persoal da entidade.

III.2.5. O tribunal procederá á baremación da fase de concurso e faraa pública no taboleiro de anuncios das dependencias do Intecmar e a través da súa páxina web, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no taboleiro de anuncios do Intecmar e na súa páxina web, da baremación definitiva da fase de concurso. Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.3. A orde de prelación dos/as aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso, sen que poida superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados/as que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

### IV.-Tribunal.

IV.1. O tribunal cualificador deste proceso selectivo será designado por resolución da presidenta do Intecmar, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, tendo en conta o previsto no artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

A súa composición e os requisitos dos seus membros serán os previstos no artigo 11 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

IV.2. Os membros do tribunal de selección deberán manifestar a súa abstención, para non formaren parte del, cando poidan estar incurso nalgún dos supostos previstos no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria e, igualmente se colaborasen durante ese período dalgún modo, con centros de preparación de opositores/as, debendo comunicar a concorrencia de calquera destas circunstancias ao presidente do tribunal de selección.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non se atoparen incurso nalgunha das circunstancias previstas no devandito artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta declaración deberá ser tamén formalizada polos/as asesores/as especialistas ou persoal auxiliar que o tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nesta base, conforme o disposto no artigo 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

IV.3. O tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Todos os membros do tribunal de selección actuarán con voz e voto.

IV.4. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

IV.5. O tribunal de selección queda facultado para resolver as dúbidas que xurdan na aplicación destas bases e poderá adoptar os acordos que correspondan para os supostos non previstos naquelas.

IV.6. Por cada sesión do tribunal elaborárase acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, se autorizará coa sinatura do/a secretario/a e o visto e prace do/a presidente/a.

IV.7. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide pertinentes, limitándose os ditos asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto.

IV.8. O tribunal que actúe no proceso selectivo terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

IV.9. As comunicacións que formulen os/as aspirantes ao tribunal dirixiranse ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), sito no Peirao de Vilaxoán, s/n 36611 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

V.-*Lista de aprobados/as, presentación de documentación e nomeamento como persoal laboral fixo.*

V.1. A cualificación do concurso-oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, éste resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición; se se mantén o empate, acudirase á puntuación obtida na fase de concurso e, se iso non for suficiente, resolverase pola orde alfabética a que se refire a base III.1.2.1.

V.2. Rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Intecmar e na súa páxina web a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo por cada especialidade, por orde de puntuacións acadadas, con indicación da puntuación obtida en cada unha das fases do proceso e a puntuación final.

A acta con este resultado será elevada á presidencia do Intecmar, quen ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

V.3. A partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de aprobados, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais para a presentación dos seguintes documentos:

a) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non acharse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

b) Certificado médico oficial en que se acrediten os requisitos de capacidade funcional.

V.4. As persoas que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base II.4, non poderán ser contratadas e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

V.5. As contratacións para ocupar as vacantes do cadro de persoal laboral fixo obxecto desta convocatoria, estarán sometidas a un tempo de proba de tres meses.

V.6. O desempeño de calquera posto de traballo no Intecmar estará sometido ás incompatibilidades previstas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

V.7. De acordo co disposto no artigo 12.2º c) do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, na resolución pola cal se publique a proposta definitiva de aprobados poderán incluírse os postos vacantes que se lles oferten, con indicación dos requisitos para o seu desempeño.

V.8. De acordo co disposto no artigo 13 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, os aspirantes nomeados persoal labo-

ral fixo do Intecmar, disporán dun prazo dun mes para formalizar os respectivos contratos.

#### VI.-Recursos.

Contra estas bases poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a presidenta do Intecmar no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ser impugnadas directamente no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, na forma prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vilaxoán, 9 de abril de 2010.

Rosa Mª Quintana Carballo  
Presidenta do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

#### ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN Á CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DE POSTOS DE PERSOAL LABORAL FIXO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

Nº DE SOLICITUDE: \_\_\_\_\_

*A cubrir polo Intecmar*

| GRUPO: | TITULACIÓN: | CATEGORÍA : | ESPECIALIDADE : |
|--------|-------------|-------------|-----------------|
| .....  | .....       | .....       | .....           |

DATA DOG..... Nº DOG.....

#### DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO.....

SEGUNDO APELIDO.....

NOME.....

NIF.....

DATA DE NACEMENTO: DÍA..... MES..... ANO.....

LOCALIDADE DE NACEMENTO.....

PROVINCIA..... NACIONALIDADE.....

ENDEREZO.....

CONCELLO..... CÓDIGO POSTAL.....

PROVINCIA..... TELÉFONO.....

TITULACIÓN ACADÉMICA.....

CENTRO DE EXPEDICIÓN.....

LOCALIDADE.....

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida nas probas selectivas a que se refire esta instancia, e DECLARA seren certos os datos consignados nela, reunir as condicións exixidas sinaladas na convocatoria e comprometerse a probar documentalmente os datos que figuran nesta solicitude.

.....de.....de 2010.

Asinado:

PRESIDENTA DO INTECMAR



## ANEXO II

## Impreso de autoavaliación

Prazas do grupo I, categorías 3 e 10.

A valoración de méritos para a fase de concurso, realizarase segundo o seguinte baremo:

1. Experiencia profesional obtida en postos de traballo da Xunta de Galicia e outras administracións públicas

1.1. Polos servizos prestados en postos de traballo de organismos públicos que desenvolvan programas de prevención e control oficial no medio mariño, calquera que for o momento ou tipo de contrato:

a) No mesmo grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,5 puntos por mes completo traballado.

b) En distinto grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,2 puntos por mes completo traballado.

1.2. Polos servizos prestados en outros destinos da Xunta de Galicia ou noutras administracións públicas :

a) No mesmo grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,2 puntos por mes completo traballado.

b) En distinto grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,1 puntos por mes completo traballado.

2. Experiencia profesional obtida en organismos de ámbito privado, en postos de traballo relacionados directamente con programas de prevención e control no medio mariño:

a) No mesmo grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,1 puntos por mes completo traballado.

b) En distinto grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,05 puntos por mes completo traballado.

A puntuación máxima que se poderá obter por experiencia profesional (números 1 e 2) será de 25 puntos.

3. Formación e méritos académicos:

3.1. Períodos de formación completados como bolseiro de organismos públicos:

a) No mesmo grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,2 puntos por mes completo ata un máximo de 2 puntos.

b) En distinto grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,1 puntos por mes completo ata un máximo de 1 punto.

Nas anteditas alíneas a) e b) valorarase unha única modalidade de formación.

3.2. Por ter o título de doutor: 2 puntos.

3.3. Por ter realizado os cursos de doutoramento ou ter o diploma de estudos avanzados: 1 punto.

3.4. Por tese de licenciatura ou exame de grao: 1 punto.

3.5. Por máster ou curso de especialización de mais de 400 horas: 1 punto por máster/curso ata un máximo de 1 punto. A puntuación máxima que se poderá obter no número 3 será de 7 puntos.

4. Publicacións, proxectos, congresos e cursos:

4.1. Traballos de investigación publicados en revistas científicas incluídas no *Science Citation Index* (SCI): 0,4 puntos por traballo.

4.2. Libros con *International Standard Book Number* (ISBN): 0,5 puntos por traballo.

4.3. Capítulos de libro con *International Standard Book Number* (ISBN): 0,4 puntos por traballo.

4.4. Capítulos de libro sen *International Standard Book Number* (ISBN) ou traballos científicos en revistas non indexadas no *Science Citation Index* (SCI): 0,2 puntos por traballo.

4.5. Libros e informes técnicos elaborados por encarga de organismos oficiais: 0,3 puntos por traballo.

4.6. Por participación en proxectos de investigación e/ou cooperación financiados por organismos oficiais en convocatoria pública: 0,4 puntos por proxectos internacionais, 0,3 puntos por proxectos nacionais e 0,2 puntos por proxectos autonómicos.

4.7. Presentación de relatorios ou comunicacións a congresos, simposios ou seminarios en calidade de autor ou coautor: 0,2 puntos por actividade.

4.8. Por asistencia a cursos de formación relacionados coas funcións da praza: 0,2 puntos por curso.

A máxima puntuación que se poderá obter no número 4 será de 3 puntos.

5. Cualificación en calidade:

Por estar en posesión dun certificado de cualificación, con data de emisión non superior a 4 anos, expedido por un laboratorio acreditado baixo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025 por ENAC (ou outro organismo de acreditación membro do ILAC), sempre que a cualificación sexa para técnicas e/ou actividades relacionadas coas características da praza a que se pretende acceder:

a) Para o mesmo grupo ou categoría profesional a que se opta: 5 puntos.

b) Para distinto grupo ou categoría profesional a que se opta: 1 punto.

Independentemente do número de certificados, de técnicas e/ou actividades cualificadas no certificado, estes valoraranse unha única vez e co máximo de puntuación.

*ANEXO II (continuación)***Impreso de autoavaliación  
Instruccions para o/a aspirante**

Lea estas instruccións antes de cubrir a solicitude de admisión e o impreso de autoavaliación.

1. Escriba á máquina ou á man, empregando letras maiúsculas tipo imprenta.

2. Asegúrese de que os datos sexan claramente lexibles en todas as follas.

3. Se precisa de máis follas para recoller os seus méritos, fotocopie tantas como necesite.

4. Evite dobrar o papel e facer correccións, emendas ou borróns.

5. Non escriba nos espazos sombreados ou reservados.

6. Non esqueza asinar os impresos de solicitude e de autoavaliación. Deberá asinar e numerar todas as follas de autoavaliación.

7. Non esqueza acompañar a fotocopia cotexada do seu documento de identificación.

8. Non esqueza enviar a documentación xustificativa dos méritos citados nas follas de autoavaliación (orixinais ou fotocopias cotexadas), así como numerar correlativamente os documentos.

**Impreso de autoavaliación**

**NOTA:** este impreso de autoavaliación deberá completarse de acordo co establecido nas bases da presente convocatoria.

1. Experiencia profesional obtida en postos de traballo da Xunta de Galicia e outras administracións públicas.

1.1. Polos servizos prestados en postos de traballo de organismos públicos que desenvolvan programas de prevención e control oficial no medio mariño, calquera que for o momento ou tipo de contrato:

a) No mesmo grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,5 puntos por mes completo traballado.

| DESCRICIÓN  | MESES COMPLETOS | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-------------|-----------------|--------|--------------|
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
| TOTAL 1.1.a |                 |        |              |

b) En distinto grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,2 puntos por mes completo traballado.

| DESCRICIÓN  | MESES COMPLETOS | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-------------|-----------------|--------|--------------|
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
| TOTAL 1.1.b |                 |        |              |

1.2. Polos servizos prestados noutros destinos da Xunta de Galicia ou noutras administracións públicas:

a) No mesmo grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,2 puntos por mes completo traballado.

| DESCRICIÓN  | MESES COMPLETOS | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-------------|-----------------|--------|--------------|
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
| TOTAL 1.2.a |                 |        |              |

b) En distinto grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,1 puntos por mes completo traballado.

| DESCRICIÓN  | MESES COMPLETOS | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-------------|-----------------|--------|--------------|
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
| TOTAL 1.2.b |                 |        |              |

2. Experiencia profesional obtida en organismos de ámbito privado, en postos de traballo relacionados directamente con programas de prevención e control no medio mariño:

a) No mesmo grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,1 puntos por mes completo traballado.

| DESCRICIÓN | MESES COMPLETOS | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|------------|-----------------|--------|--------------|
|            |                 |        |              |
|            |                 |        |              |
|            |                 |        |              |
|            |                 |        |              |
|            |                 |        |              |
|            |                 |        |              |
| TOTAL 2.a  |                 |        |              |

b) En distinto grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,05 puntos por mes completo traballado.

| DESCRIPCIÓN | MESES COMPLETOS | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-------------|-----------------|--------|--------------|
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
| TOTAL 2.b   |                 |        |              |

Total experiencia profesional:

1.1.a + 1.1.b + 1.2.a + 1.2.b + 2.a + 2.b (ata un máximo de 25 puntos) =

3. Formación e méritos académicos:

3.1. Períodos de formación completados como bolseiro de organismos públicos:

a) No mesmo grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,2 puntos por mes completo ata un máximo de 2 puntos.

| DESCRIPCIÓN | MESES COMPLETOS | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-------------|-----------------|--------|--------------|
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
| TOTAL 3.1.a |                 |        |              |

b) En distinto grupo ou categoría profesional a que se concursa: 0,1 puntos por mes completo ata un máximo de 1 punto.

| DESCRIPCIÓN | MESES COMPLETOS | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-------------|-----------------|--------|--------------|
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
|             |                 |        |              |
| TOTAL 3.1.b |                 |        |              |

Nos anteditos apartados (a) e (b), valorarase unha única modalidade de formación.

3.2. Por ter o título de doutor: 2 puntos.

| TÍTULO | CENTRO | ANO | Nº DOCUMENTO |
|--------|--------|-----|--------------|
|        |        |     |              |

Total 3.2 =

3.3. Por ter realizado os cursos de doutoramento ou ter o diploma de estudos avanzados: 1 punto.

| TÍTULO | CENTRO | ANO | Nº DOCUMENTO |
|--------|--------|-----|--------------|
|        |        |     |              |

Total 3.3 =

3.4. Por tese de licenciatura ou exame de grao: 1 punto.

| TÍTULO | CENTRO | ANO | Nº DOCUMENTO |
|--------|--------|-----|--------------|
|        |        |     |              |

Total 3.4 =

3.5. Por máster ou curso de especialización de máis de 400 horas: 1 punto por máster/curso ata un máximo de 1 punto.

| TÍTULO | CENTRO | ANO | Nº DOCUMENTO |
|--------|--------|-----|--------------|
|        |        |     |              |

Total 3.5 =

Total formación e méritos académicos:

3.1 + 3.2 + 3.3 + 3.4 + 3.5 (ata un máximo de 7 puntos) =

4. Publicacións, proxectos, congresos e cursos:

4.1. Traballos de investigación publicados en revistas científicas incluídas no *Science Citation Index (SCI)*: 0,4 puntos por traballo.

| TÍTULO    | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-----------|--------|--------------|
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
| TOTAL 4.1 |        |              |

4.2. Libros con *International Standard Book Number (ISBN)*: 0,5 puntos por traballo.

| TÍTULO    | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-----------|--------|--------------|
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
| TOTAL 4.2 |        |              |

4.3. Capítulos de libro con *International Standard Book Number (ISBN)*: 0,4 puntos por traballo.

| TÍTULO    | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-----------|--------|--------------|
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
| TOTAL 4.3 |        |              |

4.4. Capítulos de libro sen *International Standard Book Number* (ISBN) ou traballos científicos en revistas non indexadas no *Science Citation Index* (SCI): 0,2 puntos por traballo.

| TÍTULO    | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-----------|--------|--------------|
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
| TOTAL 4.4 |        |              |

4.5 Libros e informes técnicos elaborados por encargo de organismos oficiais: 0,3 puntos por traballo.

| TÍTULO    | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-----------|--------|--------------|
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
| TOTAL 4.5 |        |              |

4.6. Por participación en proxectos de investigación e/ou cooperación financiados por organismos oficiais en convocatorias públicas: 0,4 puntos por proxectos internacionais, 0,3 puntos por proxectos nacionais e 0,2 puntos por proxectos autonómicos.

| TÍTULO    | TIPO   | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-----------|--|--------|--------------|
|           | E: internacional<br>N: nacional<br>A: autonómico |        |              |
|           |  |        |              |
|           |  |        |              |
|           |  |        |              |
|           |  |        |              |
|           |  |        |              |
|           |  |        |              |
| TOTAL 4.6 |  |        |              |

4.7. Presentación de relatorios ou comunicacións a congresos, simposios ou seminarios en calidade de autor ou coautor: 0,2 puntos por actividade.

| TÍTULO    | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-----------|--------|--------------|
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
| TOTAL 4.7 |        |              |

4.8. por asistencia a cursos de formación relacionados coas funcións da praza: 0.2 puntos por curso.

| TÍTULO    | PUNTOS | Nº DOCUMENTO |
|-----------|--------|--------------|
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
|           |        |              |
| TOTAL 4.8 |        |              |

Total publicacións, proxectos, congresos e cursos:

4.1 + 4.2 + 4.3 + 4.4 + 4.5 + 4.6 + 4.7 + 4.8 (ata un máximo de 3 puntos) =

5. Cualificación en calidade:

Por estar en posesión dun certificado de cualificación, con data de emisión non superior a 4 anos de antelación á data da convocatoria, expedido por un laboratorio acreditado baixo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025 por ENAC (ou outro organismo de acreditación membro do ILAC), sempre que a cualificación sexa para técnicas e/ou actividades relacionadas coas características da praza a que se pretende acceder:

a) Para o mesmo grupo ou categoría profesional a que se opta: 5 puntos.

b) Para distinto grupo ou categoría profesional a que se opta: 1 punto.

| CATEGORÍA/DENOMINACIÓN | LABORATORIO | DATA EXPEDICIÓN | Nº DOCUMENTO |
|------------------------|-------------|-----------------|--------------|
|                        |             |                 |              |

Total cualificación en calidade (ata un máximo de 5 puntos) =

Puntuación total:

| 1. e 2.<br>Experiencia profesional | 3. Formación | 4. Publicacións | 5. Cualificación en calidade | TOTAL |
|------------------------------------|--------------|-----------------|------------------------------|-------|
|                                    |              |                 |                              |       |

A persoa que asina abaixo declara seren certos os datos consignados no presente impreso e comprometerse a probar documentalmente os datos que figuran nesta solicitude.

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2010.

Sinatura:

Apelidos:

Nome:

*ANEXO III***Temario**

## III.1. Parte xeral.

Tema 1. A Constitución española. Visión xeral e especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2. A Coroa. As Cortes Xerais. O Tribunal Constitucional. O Consello Xeral do Poder Xudicial.

Tema 3. O Goberno. O presidente do Goberno e os ministros.

Tema 4. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrucción e terminación.

Tema 5. Os recursos administrativos: concepto e clases.

Tema 6. O Estatuto de autonomía de Galicia. A Xunta de Galicia e o seu presidente.

Tema 7. O Parlamento de Galicia. O Consello da Xunta de Galicia.

Tema 8. Persoal funcionario e persoal laboral. Criterios diferenciadores.

Tema 9. V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Tema 10. A Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

## III.2. Parte específica.

a) Categoría 10 (titulado/a superior biólogo/a) especialidade documentación e apoio científico.

Tema 1. A Comisión Europea e a cooperación no ámbito da loita contra a contaminación mariña accidental.

Tema 2. Organización da loita contra a contaminación mariña accidental en España. O caso de Galicia.

Tema 3. Estrutura dun plan de continxencias para a loita contra a contaminación mariña accidental.

Tema 4. Recompilación da información e estruturación de bases de datos no ámbito da loita contra a contaminación mariña accidental.

Tema 5. Concepto e aplicación dos sistemas de información xeográfica na loita contra a contaminación mariña accidental.

Tema 6. Ferramentas para a caracterización da costa e a súa utilidade na loita contra a contaminación mariña accidental.

Tema 7. Materiais de loita contra a contaminación mariña accidental.

Tema 8. Toma de mostras en vertidos accidentais mariños.

Tema 9. Métodos de seguimento e control dos vertidos mariños accidentais.

Tema 10. Ferramentas de xestión útiles na loita contra a contaminación mariña accidental.

b) Categoría 3 (titulado/a superior químico/a) especialidade hidrocarburos.

Tema 1. Extracción presurizada con disolventes aplicada á determinación de hidrocarburos en matrices mariñas.

Tema 2. Desenvolvemento e aplicación de métodos de cromatografía líquida para a análise de hidrocarburos en mostras procedentes do medio mariño.

Tema 3. Requisitos, control e xestión da documentación dun sistema de calidade baseado na norma UNE-EN ISO/IEC 17025. Manual de calidade, procedementos e rexistros.

Tema 4. Control da calidade dos ensaios segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Tema 5. Xestión de equipos nun laboratorio de ensaio segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

Tema 6. Deseño e execución de plans de mostraxe de biota para programas de seguimento da contaminación química no medio mariño. Aplicación ao litoral de Galicia.

Tema 7. Avaliación dos resultados de programas de seguimento da contaminación química en mostras de biota no medio mariño.

Tema 8. Lexislación aplicable ao control de contaminantes químicos nas zonas de produción de moluscos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 9. Análise sensorial para detectar a presenza de hidrocarburos en moluscos.

Tema 10. Riscos asociados ás instalacións, materiais e equipos nun laboratorio de análise química. Almacenamento e eliminación de produtos químicos.

c) Categoría 10 (titulado/a superior biólogo/a) especialidade en oceanografía e fitoplancto.

Tema 1. Características físicas e químicas da auga do mar.

Tema 2. Circulación oceánica superficial na costa oeste da Península Ibérica.

Tema 3. Sistema de circulación nas rías galegas: afloramento e afundimento.

Tema 4. Produción primaria e fitoplancto na costa galega. A sucesión anual de fitoplancto.

Tema 5. Pigmentos no fitoplancto. Características e metodoloxías de análise.

Tema 6. Relación das condicións oceanográficas-poboacións fitoplanctónicas na costa de Galicia.

Tema 7. Dinoflaxelados produtores de episodios fitoplanctónicos tóxicos nas costas de Galicia. Características taxonómicas e ecolóxicas.

Tema 8. Diatomeas produtoras de episodios fitoplanctónicos tóxicos nas costas de Galicia. Características taxonómicas e ecolóxicas.

Tema 9. As mareas vermellas: definición e evolución a nivel mundial.

Tema 10. Identificación taxonómica de especies de fitoplancto típicas da costa galega.

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 6 de abril de 2010, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal licenciado sanitario (xefaturas de servizo e unidade de atención primaria).*

De conformidade co establecido no artigo 5.1º j) da Orde do 15 de xuño de 2009, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, o director xerente da XAP de Pontevedra

### RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de libre designación, un posto de persoal licenciado sanitario (xefaturas de servizo e unidade de atención primaria).

Segundo.-As retribucións do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse, preferentemente, no Rexistro de Entrada da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, sito na avda. de Vigo nº 16, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-As bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios da XAP de Pontevedra, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Pontevedra, 6 de abril de 2010.

Manuel Castro Pazos  
Director xerente da Xerencia  
de Atención Primaria de Pontevedra

*Resolución do 6 de abril de 2010, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal diplomado sanitario (coordinador de servizo de atención primaria).*

De conformidade co establecido no artigo 5.1º j) da Orde do 15 de xuño de 2009, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, o director xerente da XAP de Pontevedra

### RESOLVE:

Primeiro.- Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de libre designación, un posto de persoal diplomado sanitario (coordinador de servizo de atención primaria), para o Servizo de Atención Primaria da Estrada dependente da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra.

Segundo.-As retribucións do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse, preferentemente, no Rexistro de Entrada da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, sito na avda. de Vigo nº 16, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-As bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios da XAP de Pontevedra, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Pontevedra, 6 de abril de 2010.

Manuel Castro Pazos  
Director xerente da Xerencia  
de Atención Primaria de Pontevedra

*Anuncio do 31 de marzo de 2010, da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de diversos postos de persoal licenciado sanitario (xefaturas de servizo e unidade de atención primaria).*

Convocada por Resolución do 1 de febreiro de 2010 (DOG nº 43, do 4 de marzo) a provisión, polo